

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LEIRO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE LEIRO

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D. Francisco José Fernández Pérez**, actuando en nome e representación do Concello de Leiro, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración Autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza

administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración demostrativamente.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta a todas as administracións públicas e obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de colaboración de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

VI. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial ao cidadán no Concello de Leiro, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde situado no Concello.

VII. O centro de saúde de Leiro require de frecuentes actuacións de mantemento para ofrecer en cada momento o mellor servizo posible aos seus usuarios. Deste xeito, os

servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde teñen detectado a necesidade de efectuar unha actuación de reforma sobre o mesmo.

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Por tal motivo, e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de reforma no centro de saúde de Leiro, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita cooperación.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Leiro para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Leiro propiedade do concello.

As ditas obras de reforma comprenderán a reparación da cuberta do centro de saúde, segundo se detalla na documentación aportada polo Concello e o Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde.

Segunda. *Obrigas das partes*

1. O Concello de Leiro, como titular do centro de saúde, asume as seguintes obrigas:

- Supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.
- Contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da [Lei 7/1985](#), do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.

Terceira. Orzamento das actuacións

O orzamento das obras de reforma no centro de saúde de Leiro, segundo se desprende das memorias aportadas polo concello, ascende a 7.871,05 € IVE incluído.

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá na parte que execute as obras.

Cuarta. Financiamento das actuacións

O Concello de Leiro e o Servizo Galego de Saúde cofinanciarán as obras a realizar, quedando o reparto como a continuación se indica:

Achegas máximas:

Concello	3.935,25 €
Servizo Galego de Saúde	3.935,25 €

Tanto o Servizo Galego de Saúde como o Concello de Leiro comprométense a consignar o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que asumen.

Quinta. Procedemento de pago

O Servizo Galego de Saúde efectuará as súas achegas con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

As achegas serán efectuadas do seguinte xeito:

1ª fase. Un 50% da achega total do Servizo Galego de Saúde se entregará ao Concello cando presente a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pagamento
- Contrato asinado co contratista para o inicio das obras

2ª fase. O restante 50% da achega do Servizo Galego de Saúde será abonado cando o Concello presente a seguinte documentación xustificativa, acreditativa do cumprimento do convenio:

- Certificacións de obra co Vº e Prace do Concello.

- Escrito de solicitude de pagamento con número de conta bancaria.
- Factura emitida polo empresario que acometera os traballos descritos na cláusula primeira.

No caso de que o gasto xustificado polo concello non acadase o orzamento total previsto na cláusula terceira, o Servizo Galego de Saúde só achegará o importe que represente o 50% da cantidade efectivamente xustificada.

Sexta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión paritaria á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Sétima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

- 1.- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- 2.- O mutuo acordo entre as partes.

Oitava. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español

as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Novena. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste convenio.

Décima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 28 de decembro de 2018.

Undécima. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POLO CONCELLO DE LEIRO

Jesús Vázquez Almuiña

Francisco José Fernández Pérez